

# OS GALEGOS NO DIA DE GALICIA



Nista data en que a galeguitudes universal comemora o Día de Galicia, o "Padroado da Cultura Galega no México", afronta a responsabilidade de dirixirse, con iste mensaxe, a tódolos homes de ben da nosa terra, a tódolos irmáns que andan espaxados polo mundo, baixo o siño dunha falsa prosperidade, mais decote esnaquizados por tódalas penurias e padecementos espirituales e materiais.

O noso anxeo sería poder remesar a todos un mensaxe de felicidade, de amor, de fraternidade, de boandanza, nunha irmandade ventureira, do pobo galego avencellado cos demais pobos das Hespañas, sin esquecer endexamáis a Portugal, e con tódalas nacións do Ecumene, pra conquistar as finalidades esenciais do home, que arela ser libre e precuza na paz os bes económicos, sociais e culturais, os cales ten dereito, sin esprotacións e sin pauliñas.

Niste día sinifícativo quixeramos lembrar as nosas aportacións peculiares á civilización ia vida, e sinalar como somos unha nacionalidade enfiada polos vieiros do humanismo e do progreso. Quixeramos tamén manifestar que definitivamente atopamos co noso "ser" esencial, coa nosa raigame cultural, que xa atinguimos as nosas liberdades intrasferíbeles, que labouramos na nosa terra, integrada co mundo, sin xenreiras, sin inxusticias, sin maldicións, sin miseria, sin iñorancia, sin hágoas acedas, sin desespero, sin emigración.

Agora cando a técnica desenrolouse de tal xeito co home camiña, a cotío, polos carreiros do espacio e conquire novos astros; agora cando a ciencia inquiriu, investigou a descubriu os mais fondos segredos da natureza, prá pular no camiño do progreso; agora cando o home —o úneco animal que as fabrica— costroiu as ferramentas mais estraordinarias; agora cando xa puxemos os pés na Lúa debía alumear no praneta azul a paz ia boandanza. Descasí continúan producíndose os feitos mais criminosos e desoladores do home escontra do home.



Polo que se refere a nosa Terra o cadro que se apresenta diante os nosos ollos, e avala o noso pensamento, non é un "luar pracenteiro", senón unha noite pecha i escura, unha "longa pedra" que dixera o poeta.

Por disgracia temos que presentar unha estampa dramática de tonos violentos, na cal o noso pobo atópase afe-rollado por moitedume de pexas e brutalidades, e incru-sivealcontrase con tódalas fenestras fechadas, polas cales poidera enxergar as solucións primarias ós seus problemas latexantes.

Faguemos acuciosos inquéritos mentales e atopamos, no noso basamento políteco-histórico-cultural, con traidurías,

ESPALLE ISTE  
MANIFESTO  
NA GALICIA

aldraxes, falsas valoracións, angurias, pauliñas, podredume, fames, friaxe, desprecio, abafamento, e como síntese de todo iste proceso conflictivo: medo e fuxida.

O home galego, espido na intemperie do desamparo, fuxe polas estradas dun mundo mollado de sangue, baldado, tullido i entolecido polos espantallos da tiranía.

Decrina o século, magoado de loitas, ia nosa Terra aínda non pode espriguizarse na boandanza e na liberdade. Pasan os anos io home galego continúa vivindo flaxelado por necesidades vitales, couceado polos cabalos apocalípticos.

Cadeas, persecucións, asoballamentos, atafegos, convertiron o pobo galego nunha procesión miserenta de seres traumatizados, fuxindo espavoridos polas congostras desérticas da emigración.

Entramentras, os palafreiros da tiranía contan contos folclóricos de lacón con gregos, de belidas raparigas, de rias baixas de postal, de romarias farturentas, de gaítas de encantamento de serpentes. Contan contos de gloriosas historias de "pontes sampaiois napoleónicos" ou "tomas de sevilas" os mouros; aínda peor contan os contos dos progresos atuais da industrialización, cando responde a un coeficiente enormemente baixo, en relación cos índices mundiales, e que aínda eisi somentes serven prá beneficio fraudulento dos poucos privilexiados da casta protexida.

Tribunás de orden público e consellos de guerra condenando diariamente a pacíficos cidadáns por rebelión militar, prá mais bulra, son o lacón con gregos que lle dan de comer os nosos hirmáns.



En verdade, a situación podía reflexarse nos seguintes puntos de madadura:

1.—A liberdade nacional de Galicia segue aferrollada polo centralismo troglodita.

2.—Os dereitos humanos fican asoballados até o inconcebíbel, sin liberdade de expresión e *nin xiqueta de pensamento*, por unha persecución afiada nos métodos mais sutís e fériados.

3.—O home galego introvertido nas codelas da orfandade, rabuñando nas paredes pretas da súa cárcere secular, fica decote sin fogar, sin agarimo, sin comprensión, sin as mínimas liberdades que podía ter un vello can de palleiro.

4.—O campo coa técnica do tempo dos castros céltigos, sin produción, sin praneación, sin aplicacón dos coñecimentos mais simpres pro milloramento agrícola e gandeiro, nun país de labregos.

5.—Unha industrialización mintireira, que baralla sobor dos "polos de crecemento", que nón resolveu ningún problema e que tén un ridículo índice de desenrolo nas estadísticas mundiales dos anos derradeiros.

6.—A fala do pobo postergada, prohibida nas escolas, nos institutos, nos xornales, na radio, na televisión. Somentes de ves en cando, prá lle tapar os ollos ó probe burro, deixan que se pubrique, ou se difunda, algunha cousa "lirica", algún chiste barateiro, algún conto de arrieiro pra que os "escritores escapistas" poidan publicar revistiñas con dúas páxinas en galego.

Agora mesmo, artistas, pintores, cadeirádegos e intelectuales do noso país alcóntranse sometidos a procesos certamente ilegales.

Agora mesmo, a ducias de estudantes da Universidade galega negóuselle a matrícula ia entrada na Universidade por defender percisamente ises dereitos humanos ia liberdade de pensar, a cal ninguén pode nin debe renunciar.

Agora mesmo, continúa Galicia asulagándose polas centrales eléitricas sin beneficio algún pra poboación indefensa i eisportándose as dúas terceiras partes da enerxía.

Agora mesmo siguen otorgándose concesións marisqueiras a sociedades de exprotación en prexuício dos mariñeiros e pescadores, que non teñen compango que levar a boca pra se manter.

A maldade coscente, o fariseísmo caaracterístico da casta, mantén ó pobo na mais rebotada indixencia moral e material e cada data perfeicioa os procedimentos de represión que se estenden a tódolos estamentos sociais do país: estudantes, obreiros, labregos, mariñeiros, intelectuales, empregados, etc.



Doutra banda o cinismo oficial atinguiu proporciós incommensurábeles. Fai pouco o Director Xeral de Emigración fixo unhas decraraciós, verdadeiramente sustanciosas — por veraces e dramáticas — e nas cales se afirma, categóricamente, que a emigración é un feito vital e importante pro país é engade, "que góstenos ou nonos goste, a emigración é un suceso irreversible e afortunado e polo mesmo hai que porlle a mór atención, xa que costitúe a fonte mais limpa e importante de divisas, aínda mais co turismo, porque iste está sometido a diversos fenómenos fluctuantes". A continuación, o devandito funcionario, da unhas cifras aterradoras de emigrantes e admite que hai unha *emigración clandestina de enorme mañitude*, que non figura nas estadísticas pois son moitos milleiros de xentes que san como turistas e fican como emigrantes. Seguindo iste proceso, o Goberno acaba de firmar un acordo con Alemaña pra admitir 60,000 novos emigrantes.

A nosa indixencia chega a límites inconcebíbeles, pois non somentes se fan convenios con países outamente industrializados, senón que tamén se arranxan con países subdesenrolados. A Oficina de América en Vigo está preparando obreiros calificados pra mandar a Brasil a toda presa, pois parece que o noso "crecemento industrial" nonos necesita.

Tamén sería bon que algún sociólogos e antropólogos galegos, si eisisten, disen unha volta centífica por Europa — non falemos xa de América — pra que estudasen as condicións socio-sicolóxicas en que viven os emigrantes do noso país. Niste senso xa se fixeron algunhas estadísticas, por frades estudosos, sobor dos centos de prostitutas galegas que hai nas cidades inglesas. Tamén xa hai datos dabondo sobor dos traballos inferiores, e infernales, que acugula a nosa xentiña, e da descriminación en cines, teatros e demais establecementos de varios lugares de Europa, talmente parecidos, en moitos aspectos, coa que se fai cós negros en coñecidos Estados.

Non é de estranar polo mesmo que oculten a súa procedencia "hispanica", e aínda mais galega, cando poden, os "orgulosos" hespañoles.

Podíamos seguir sinalando feitos arrepiantes que sinalan e determinan, non somentes o subdesenrolo cultural i económico no cal nos afundimos, senón tamén o noso afastamento no proceso civilizador e social, xa que en verdade ficamos alonxados, na historia do progreso, unhos cantos séculos de calquer outro país de Europa con algunha pequena esceición, como poidera ser a de Grecia.

Unha soia consideración lóxica, chega pra aseverar as nosas rotundas afirmaciós: a pesar da represión persistente que se exerce sobor de xornales, revistas, e libros, dispois do proceso de liberalización e de supresión da previa censura, basta botar unha ollada a imprensa de Galicia e de Hespaña pra darse conta que o que analizamos encol da situación actual, no que se refere a economía e no que concerne as liberdades humanas, e un cinzento refrexo da tremenda realidade.

Nón queremos polo tanto seguir aportando datos, feitos, estadísticas, críticas e índices pra remarcar os nosos propósitos, o dirixir a galeguidade do mundo ista sinxela comunicación, que coidamos é imprescindíbel no intre actual.



No mesmo intre que o home pon os pes na Lúa io progreso centífico, atinguído no mundo, adquire proporcións esplendentes, que sinalan o pulo indiscutíbel da humanidade deica procesos que liberen as xéntes dos grillons seculares, na mesma data en que o desenrolo teínico conquiere os astros, nas Hespañas acábase de instaurar a monarquía e procramar un rei obviamente fantasmal.

Parece que semos un "reino social e representativo". Ora ben os galegos preguntamos a quen representa iste rei. No que se refire ó noso pobo magoado, ningunha monarquía nos representou endexamais, dende os tempos de Doña Sabela de Castela, que decretou a "doma e castración de Galicia", pasando polas dinastías de Austrias e Borbós decadentes, até aituales príncipes fantasmagóricos que Cortes de xeito medieval unxen rei. Senón houbésemos chorado tanto o traveso da historia — cecais chorado demais e inútilmente — sería cousa de admitir o tópic de que somos os meirandes humoristas das terras ibéricas e faríamos sobor diste suceso de "instauración" monárquica unha migalla de humor preto.



Perante mais de trinta anos prantexamos decote que tódalas aicións da emigración debían ser proieitadas sobor do país, pois outro senso das mesmas, xa sexa benéfico, solidario, de devirmento, literario, folklórico, ou aínda político, senón se reverte na Terra, non serve pra atinguir valencias vitales e nin xiquera apresenta a mais sínxela valoración positiva.

En verdade o mundo aitual camiña deica atinguir unha unidade socio-económica, mais percisamente somentes se poderá abranguer a unidade universal económico-política, alentando o respecto as crámidas culturais e idiosincrásicas da Nación, como fador esencial de universalidade.

Estamos asistindo a un proceso de derrubamento de estroituradas económicas, sociais, políticas e filosóficas, vixentes até agora, ia xuventude estudiosa do mundo no admite mais anteolleiras inteleituales, nin máis narcóticos literarios, empregados polas crases sociais demitidas, decadentes i agonizantes que xa esgotaron o seu papel histórico.

Os estamentos típicos da produción e do consumo, ias súas relacións, esborrallanse e aínda o módulo das crases sociais dirixentes, ia loita das mesmas, apresenta importantes troques.

Poren diso a Nación adquire mais categoría social no terremoto que vai destruír ós Estados, costruídos pola ferocidade, e que somentes levaron o mundo ó espanto das guerras, das opresións e dos aniquilamentos do home, que sigue sendo quen debe contar existencialmente, polo menos mentras non se atopan outros seres intelixentes.

No vello mundo asiático, no terceiro mundo africano, no Canadá e na Bretaña, en Flandes i en Euzkadi, en Cataluña i en Escocia, as nacionalidades pulan valentes e coscentes da súa misión e do seu proceso definitiva e cabalmente revolucionario.

O mundo vello agoniza entre pranto, medo e barbarie. As teogonías da tiranía son esnaquizadas nas Universidades polos rapaces, flor de pureza e lealdade ó progreso, á cencia io amor fraterno do cal arrenegaron filosofías decrepitas.

Cecais a nosa Terra é o país mais tristeiro do universo, apesares dos coros, das romarías, dos foguetes, das empanadas de anguias, dos centolos, das lampreas ou das troitas collidas das bragas enxoiadas. Somos un país tristeiro, subdesenrolado, mergullado na cultura da fame, a pesar dos Cancoeiros, do Pórtico da Gloria e da procrama de Wellington ós valentes soldados galegos.

Quixeramos agora que celebramos o *Día de Galicia* do ano 1969, faguer un canto lanzal ós valores históricos, culturais, folklóricos, materiais, morales, espirituales i estéticos de Galicia. Non e posíbel, nin xiquera comenente. Hai

que despertar do sono da belidez infinda da Tera e da heroicidade do home galego.

Poren diso é correito e necesario sinalar algús faitores, que amostan as causas do crepúsculo da tiranía ios feitos heroicos dunha gran parte da poboación na Galicia e nas Hespañas.



Velehí algunhos faitores que deben terse en conta:

a) A estrema debilidade en que se atopa o réxime aitual como forza gobernante xurídica.

b) A desfeita imponente do conglomerado civil das castas reaccionarias e medievales que se botaron ó esfraga-doiro no ano 1936.

c) A protesta continuada de tódolos seitores da poboación incruindo as forzas chamadas de dereita, até agora sostedoras do réximen ou metidas nun neutralismo escéptico.

d) A organización, cada data mais forte, dos traballadores dirixidos polas Comisiós Obreiras e que non acatan decisións dos ultra-famosos sindicatos verticales.

e) A heroica aitude dos estudantes hespañoles, dende Compostela deica Barcelona, que baruda, coscente e intelixentemente pelexan polas liberdades democráticas io avencellamento conquerido antre obreiros i estudantes.

f) A solidariedade da depauperada poboación labrega e mariñeira aliándose a estudantes e obreiros.

g) A división do clero no país, pois importantes destacamentos post-conciliares maniféstanse valentemente a carón do pobo.

h) A agudización do problema nacional con tódalas súas características de realidade, de maduramento e de loita interminábel, en Galicia, Euzkadi e Cataluña, en donde tódolos seitores económico-sociales da poboación manifestan unha irmandade estalante coa determinación de derrubar o sistema centraísta que asoballa os mais nidios florecimentos económicos e culturais.

i) A posición evidentemente patriana, e revolucionaria, dos inteleituales hespañoles, dende os Colexios de Abogados até as Asociacións de escritores, pasando por grupos de pintores, cantores de protesta, actores, e tódolos estamentos culturais e artísticos do país en aberta protesta escontra das pauliñas.

Diante o feito, que sintetiza tódalas disgracias, de que cecais somos o único país do mundo que se despoboa, nonos afundimos na longa noite de pedra, senón que avencellados en xurdia irmandade, erguemos o pensamento ia praxis a esperanza da liberdade nacional e da boandanza prós fillos dunha terra, derrotada, mais que loita polo abrete da vitoria.



A paisaxe socio-político e cultural, reflexada no espello dos feitos que son moi teimosos, dramatiza as situacións de tal xeito que nos obriga a prantexar con ineludíbel precisión os deberes de tódolos galegos patrianos, que non renunciaron endexamais a vitoria ia liberación de Galicia.

Velehí porque é necesario cavilar nas siguientes consideracións:

1.—Que somentes analizando a situación socio-económica e cultural da nosa nacionalidade, sin confusión e sin trapalladas, poideramos estreiturar os plas axeitados pra liberdade e boandanza de Galicia.

2.—Que có avencellamento da galeguidade dentro e fora do país, avencellamento non somentes nos principios e nos propósitos, senón tamén na acción poderemos liberar a nosa terra da escravitude prós seus fillos e da morte social e cultural da nosa nacionalidade diferenciada.

Os galegos do mundo enteiro que moran debaixo de tódolos luares, traumatizados polo desconsolo, teñenlle dado mostras vivas, o "Padroado da Cultura Galega no México", do seu agarimo, alentándonos perante máis de vinte anos polas nosas labours patrianas, feitas co espírito ia devoción da mais outa i emozoada galeguidade.

Agradecemos as mostras de confianza en nós depositadas na Terra e na emigración.

Ista lealdade ó noso traballo, obriganos ás mais fondas responsabilidades, porque ningunha historia, ningún seudo centifismo, ningunha belidez turística, ningún canto hispánico trasnoitado, pódenos enganar.

Sabemos precisamente que somentes có avencellamento dos cinco millóns de galegos, dos seus a cidadade están espaxados fora da terra, que somentes cunha loita persistente, intelixente e nacional podemos liberar a terra e axudar a liberación das Hespañas e doutras nacións do mundo aínda esmagadas.

E indispensábel que calquer galego eisprique, con dialéctica irrefutábel, que somentes defendendo os dereitos da Nación se pode ser universalista, xenuinamente democrata e progresivamente avanzado.

Os Estados construídos polas guerras, e polas ambicións, serán afastados. As nacións elaboradas polos pobos, rexurdirán no vento da cultura universal pra constituír a *Federación Mundial de Nacións*, na cal o noso país ten un posto e unha responsabilidade.

Saudamos a tódalas entidades patrianas que, dentro e fora da terra, manteñen con senso democrático os principios republicáns e unha galeguidade inmorrante, e moi especialmente o *Consello de Galicia*, fundado polo xenio de Castelao, faguendo noso o mensaxe que dirixiu recentemente ó pobo galego.

Do mesmo xeito saudamos a tódolos galegos da terra nosos hirmáns, a tódolos compañeiros espaxados polo planeta, a tódolos amigos das Hespañas e do mundo que comprenden o noso problema nacional.

Coidamos que debe arromatar a hora da confusión, da trapallada, do apoliticismo insensato, do barullo de fiadeiro, da escondedela alourada dos feitos socio-políticos, da negación da nosa fala e da nosa cultura universalista por diferenciada, do noso dereito inalienábel de autodeterminación nacional.

Dende a órbita arripiante da anguria e sofrimento que padecemos secularmente conservamos moitas cousas positivas e trascendentes, e apesares de que choven sobor de nos a cotío os fungueirazos da represión, temos unha teoría valedeira, comprendemos cal é a síntese da praxis e limiarmente sabemos que o carón dos feitos atópanse novas xeneracións de mozos, que outean as realizacións socio-políticas pra levar a nosa Tera a praia da súa integración nacional io noso pobo a chaira da felicidade ia liberdade.

¡VIVA GALICIA CEIBE!

25 Sant-Yago de 1969

★  
**PADROADO DA CULTURA GALEGA DO MEXICO**

